



## **BASES DO “I RASTRO DE PRIMAVERA” DO CONCELLO DE GONDOMAR**

O Concello de Gondomar, a través da súa concellaría de Comercio e Turismo, organiza o “*I Rastro de Primavera*”, co fin de facer un día de encontro familiar, fomentar a reciclaxe, o troco, etc..., así como a dinamización de turismo, gastronomía, potenciación de comercio local, etc..., da Vila.

O *I Rastro de Primavera* estará centrado na venda de artigos exclusivamente persoais , para poder sacar a rúa todo aquilo que xa non lle damos utilidade pero que pode servir a outras familias.

### **1. OBXETO**

Estas bases establécense coa finalidade de regular o proceso de organización e realización do *Rastro de Primavera*, garantindo a igualdade de trato entre todos os seus participantes, os que deberán aceptalas integramente unha vez presentada a solicitude de participación.

### **2. LUGARES E DATAS DA CELEBRACIÓN**

O *Rastro de Primavera* en Gondomar celebrarase o día **21 de Marzo** dende as 11:00 a 20:00 horas, na **praza de A Paradela** do Concello de Gondomar.

### **3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN**

Só poderán participar no *Rastro de Primavera*, exclusivamente os particulares (persoas físicas), ou asociacións sen ánimo de lucro, non autónomos ou empresas como tal (persoas xurídicas), e que aporten o *Rastro de Primavera* artigos persoais que queiran vender ou trocar por outros obxectos, para a súa reutilización, etc.



#### 4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os participantes deberán achegar a seguinte documentación na oficina de Rexistro Xeral do Concello de Gondomar no horario de 08:00 a 14:00, de luns a venres, ou mediante sede electrónica:

- Solicitud para o posto de venda (Anexo I)
- Memoria explicativa (Anexo II)
- Declaración responsable (Anexo III)
- Copia do Documento Nacional de Identidade.

As presentes bases unha vez aprobadas serán publicadas na páxina Web ([www.concellodegondomar.gal](http://www.concellodegondomar.gal)) e no Portal de Transparencia do concello de Gondomar, onde poder descargar a documentación para realizar a inscrición e obter toda a información necesaria.

O prazo para presentar a documentación será de 15 días naturais a partir da publicación das presentes bases nas páxinas oficiais anteriormente indicadas.


#### 5. SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES

O procedemento de selección dos participantes e asignación dos postos será por rigorosamente orde de entrada no Rexistro municipal do concello de Gondomar.

A lista definitiva de participantes publicárase na páxina web do Concello de Gondomar, e no taboleiro de anuncios no primeiro andar casa consistorial.

#### 6. POSTOS

A distribución dos postos levarase a cabo pola Concelleira responsable da Área de Comercio e Turismo, asignando a cada posto unha abdicación e lugar de colocación na Praza de A Paradela ata completar, reservándose a facultade o concello, por motivos xustificadas, a reubicación en calquera momento dos postos, ou retirándolles a



autorización para a súa colocación ou venta, se fose necesario, por motivos tamén xustificadas, tales como venta de artigos de carácter xenófobos, racistas, os que atenten conta a igualdade das persoas, etc.

Cada posto estará debidamente identificado cun distintivo que lle facilitará o propio concello, incluíndo a lo menos o escudo e nome do concello de Gondomar e a nomenclatura "***I Rastro de Primavera***", número de posto e nome do titular ou asociación do mesmo, e nun lugar visible ao público. No posto, non poderá exhibirse ningunha marca comercial, nome de establecemento ou empresa, nin calquera outro tipo de publicidade.

Cada posto non sobre pasará as dimensións de 4 metros de longo por 2 metros de fondo, agás que os artigos a venda sexan de unhas características determinadas que precisen de maior espazo. De ser así, o petionario deberá facelo constar na solicitude que formule e motivar e razoalo na propia petición, podéndolle ser concedida polo concello de considerala acertada.

Os participantes deberán traer o seu propio posto dentro das medidas indicadas e que reúnan plenamente as garantías de seguridade, unha mesa, ou colocar os produtos no chan, sempre que coloque previamente un mantel, alfombra ou elemento similar e que no cause dano sobre o pavimento. O concello gardarase a facultade de prohibir a colocación de calquera posto ou venda dos produtos que considere inadecuados.

O número de postos participantes será 30 máximo, quedando suxeito a modificacións.

## **7. OBRIGAS DOS PARTICIPANTES:**

- a) Os participantes traerán o seu posto, e deberán dentro do posible, decorar e ambientar o seu posto/stand o máis atractivo posible.



- b) Os participantes deberán acatar a integramente o establecido no punto 6 destas bases, e quedarán suxeitos as modificacións que a organización considere.
- c) Queda totalmente prohibida a participación de empresas autónomas, xa que o fin deste *Rastro de Primavera* e fomentar a reciclaxe, a convivencia e o troco entre outras cousas.
- d) Deberán recoller e deixar o espazo como o atoparon, limpo e ordenado, quedando libre de plásticos ou outros envases.
- e) Os participantes permitirán fotografar ou filmar os produtos expostos e autorizan ao Concello de Gondomar a reproducilos na páxina Web, nas redes sociais ou en calquer outro medio de difusión.
- f) Non se poderán instalar elementos eléctricos, combustible, etc..., que poñan en perigo os asistentes ou participantes, agás autorización expresa da organización, entendida como tal o concello de Gondomar.
- g) Deberán respectar os espazos adxucados sen invadir corredores ou inmediacións con obxectos ou embalaxes.
- h) O horario para montaxe e descarga do material será de 9:00 a 10:30 horas e, para desmontar os postos e cargar dende 20:30 a 22:00 horas.
- i) Os postos deberán estar listos ás 11:00 horas para a apertura do "*I Rastro de Primavera*".

## 8. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- a) O Concello terá a facultade de poder prohibir a venda de certos produtos que considere inadecuados ou inapropiados co obxecto do rastrillo.
- b) O Concello resérvase o dereito de modificar cando considere conveniente a data, horario ou distribución de postos.



- c) O Concello poderá suspender o Rastro de Primavera por causas de forza maior ou que o número de participantes non sexa o suficiente para a elaboración do mesmo.

A participación no “*I Rastro de Primavera*” implica, para todos os participantes, a aceptación das presentes bases. O incumprimento de calquera delas implicaría a rescisión da participación nesta primeira edición, como nas próximas edicións en caso de celebrarse.

Gondomar a, 1 de marzo de 2020.  
O Alcalde-Presidente,

Paco Ferreira González.

